



A Coruña, 25 de novembro de 2.022.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA Nº3 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: CNC OVIEDO - RCN VIGO .**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Feminina.**

**Data de celebración: 13/11/2022.**

**FEITOS**

- O día 15 de novembro foi remitido ao Xuíz Unico acta do encontro e informe adxunto asinado polos arbitros do encontro. No citado informe se recolle:

*"No mesmo minuto e período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria á xogadora nº1 visitante, Dna. P. Fernández (nº lic. 1017384), polos seguintes feitos:*

*Unha vez detido o partido pola lesión da xogadora mencionada no parágrafo anterior, as súas compañeiras achegáronse ao borde da piscina para ver como se atopaba. Asemade, as xogadoras do equipo rival agarráronse ás corcheiras laterais do campo de xogo para descansar. Ante isto, ámbolos dous colexiados indicáronlles que aquelas que estiveran xogando nese momento debían soltarse e volver á auga, debendo permanecer flotando no campo de xogo, ao que todas acceden. Ao pediren os colexiados os 3 minutos de rigor, novamente comezan a arremuiñarse en torno á lesionada compañeiras do seu equipo, ao que o colexiado desa banda solícitalles por favor que se aparten e volvan ás súas posicións, xa que moitas comezaban a saír da auga. Ante esta nova orde do colexiado, a xogadora nº1 visitante Dna. P. Fernández diríxese a el dende a corcheira da banda na que se atopaba, con ambos brazos erguidos por riba da cabeza e berrando: «¡Y a mí qué me cuentas, colgao!». "...".*

- O mesmo día 15 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), presentando alegacións o club de pertenza da interesada e aportando unha fotografía do estado do ollo da nadadora. Nas suas alegacións que damos por reproducidas, en sintese alegan que a actitude da xogadora non foi correcta pero entenden que foi tras a grave lesión que sufriu unha compañeira no seu ollo, a cal xa se produxera a tempada pasada, e que todo foi froito da tensión da situación vivida e que os arbitros deberían ser mais comprensivos ante situacións como esta. Alegan tamen que a xogadora pide desculpas e que xa pediu desculpas ao finalizar o encontro pero que non ven recollida no anexo.

**CONSIDERANDO**

- Entendemos que a situación sufrida pola xogadora lesionada no seu ollo poido ser moi impactante para as suas compañeiras, entre as que esta a expedentada, momento moi tenso e desagradable que sen dubida ocasionou gran tensión na xogadora e que que terase en conta de cara a gradación dunha posible sanción, a cal, neste caso debe recaer posto que a situación vivida non obvia a expresión inxuriosa o de menosprezo dirixida ao colexiado, que non foi negada; acción tipificada na nosa normativa e que, en consecuencia debe ser obxecto de sanción. Por outra banda as desculpas non constan na acta nin foi probada a sua existencia por ningún medio válido en dereito, sendo que as desculpas ou arrepentimento deben mostrarse en todo caso no mesmo momento ou como moito antes do inicio do expediente sancionador

o cal non se produce neste caso. Por todo elo entendemos que a redacción da acta arbitral que goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" non foi desvirtuada.

- Os feitos como infracción leve do art. 7. I.1.e).

• **RESOLVE**

- Sancionar a Dna. P. Fernández con número de licenza 1017384 xogadora do R.C.N. Vigo categoría división de honra feminina cun encontro de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN